

# **“REGULAMENTO MUNICIPAL DA VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA**

## **PREÁMBULO.-**

A materia de comercio interior é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, na que se inclúe a venda ambulante ou non sedentaria, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre defensa da competencia e o respecto á autonomía municipal consagrada no artigo 140 da Constitución.

A venda ambulante ten no noso municipio, pola dispersión da poboación, múltiples implicacións, tanto para os consumidores, como para o comercio non sedentario e a propia Corporación Local nos seus aspectos competenciais.

A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior, impón a obriga de eliminar todos os atrancos xurídicos e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecementos e de prestación de servizos que figuran nos artigos 49 e 56 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Na incorporación ao ordenamento xurídico español daquel principio o Estado ditou a Lei 1/2010, do 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista e o Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria. Neste último texto recóllese, na súa xustificación, o seguinte. “se ben, con carácter xeral, as actividades de servizos de distribución comercial non deben estar sometidos a autorización administrativa previa, no relativo ao exercicio da venda ambulante ou non sedentaria considerouse necesario o seu mantemento (...) na medida que este tipo de actividade comercial require do uso de solo público que debe conciliarse con razóns imperiosas de interese xeral coma a orde pública, a seguridade e a saúde pública”.

No ordenamento xurídico galego, polas razóns obvias de competencia e xerarquía, que impón o artigo 149.1.3 da Constitución, figuran, nesta materia, a Lei 10/1998, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e o Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante.

## **CAPÍTULO I.—DISPOSICIÓNS XERAIS**

### ***Artigo 1.—Obxecto e ámbito***

Este Regulamento ten por obxecto regular, con carácter xeral, o exercicio da venda ambulante, nas distintas modalidades que se regulan nel, dentro do municipio de Val do Dubra.

### ***Artigo 2.—Marco normativo***

A venda ambulante rexerese, ademais do disposto pola presente ordenanza, polo establecido no Decreto da Consellaría de Industria e Comercio 194/2001, do 26 de xullo de ordenación da venda ambulante, na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de Ordenación do comercio interior de Galicia, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnicos sanitarios aplicábeis á produción e comercialización de cada produto.

### ***Artigo 3.—Competencia***

Corresponde o Concello de Val do Dubra, sen prexuízo das competencias doutras administracións, conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante dentro do municipio e a ordenación, execución, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio do mercado de postos ambulantes e do mercado dos días de feira, e outros acontecementos extraordinarios, nos que se desenvolven actividades de venda ambulante, do cumprimento dos requisitos para a obtención das correspondentes autorizacións municipais e de facer cumprir o presente regulamento.

## **CAPÍTULO II. DA VENDA AMBULANTE EN XERAL**

### ***Artigo 4.—Concepto de venda ambulante***

Considérase venda ambulante a realizada polos comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontábeis ou transportábeis, incluídos os camións tenda.

### ***Artigo 5.—Modalidades de venda ambulante***

1.—A venda ambulante no municipio de Val do Dubra só poderá realizarse baixo algunha das seguintes modalidades:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: aqueles situados en poboacións, en espazos determinados e cunha periodicidade habitual establecida, que son os determinados no artigo 8 deste regulamento.

b) Venda ambulante en mercados ocasionais:

Son aqueles que se celebran de maneira non periódica en razón a festas ou acontecementos populares, previamente autorizados pola Alcaldía ou órgano en que delegue.

c) Venda ambulante de peixe ou produtos conxelados en camións-tenda con carácter itinerante nos lugares e cos itinerarios que se autoricen polo Concello.

2.—Segundo o artigo 2.4 do Decreto 194/2001, do 26 de xullo, non terá consideración de venda ambulante:

a) Actividades comerciais reguladas pola Lei 1/1996, do 5 de marzo de actividades feirais de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.

b) Venda directa exercida polos agricultores no seu municipio ou nos limítrofes, limitada á súa propia produción.

Tampouco teñen a consideración de venda ambulante a venda a distancia nin a venda automática mediante máquinas preparadas para o efecto.

### ***Artigo 6.—Suxeitos da venda***

A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se dedique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos no presente regulamento e demais normativa que fose de aplicación.

### ***Artigo 7.—Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante***

Para o exercicio da venda ambulante as persoas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser persoa física (maior de idade) ou persoa xurídica que se atope legalmente constituída.

2. Se o titular procede de países non comunitarios deberá estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo, ou de proceder de países comunitarios, da tarxeta de residencia.

3. Estar inscritos no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e posuír o carné que ten carácter persoal e intransferíbel.

4. Estar de alta no epígrafe do IAE, na modalidade de venda ambulante

5. Estar ao día no pagamento das súas obrigas coa Facenda Pública e coa Seguridade Social.

6. Ter ao día un seguro de responsabilidade civil.
7. Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicábeis aos produtos autorizados que teñan á venda.
8. Estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos, actualizado, cando proceda á venda de artigos alimenticios.
9. Estar en posesión da autorización municipal correspondente para este tipo de venda. Esta licenza sinalará o obxecto da venda e deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visíbel e permanente.

Para o exercicio da venda ambulante da modalidade c) do artigo 5.1 ou que inclúa mercadorías perecedoiras, deberán cumprir ademais os seguintes requisitos, en relación co vehículo:

1. Certificado ATP en vigor.
2. Documentación do vehículo coa indicación da clasificación e ITV, en vigor.
3. Acta de inspección sanitaria.

### **CAPÍTULO III. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO MERCADO DE POSTOS AMBULANTES**

#### ***Artigo 8.—Colocación***

1. O mercado de postos ambulantes dos días de feira en Val do Dubra situarase nos seguintes lugares: CAMPO DA FEIRA E NA RÚA TAFONA DA PARROQUIA DE BEMBIBRE.
2. Para estender as zonas sinaladas a outros lugares ou rúas ou modificar a colocación do mercado de postos ambulantes e do mercado dos días de feira por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, requirirase acordo do Pleno da Corporación. En todo caso o recinto deberá reunir as condicións hixiénicas e sanitarias axeitadas á actividade é de doado acceso para vendedores e compradores.
3. A venda ambulante na modalidade c) do artigo 5.1, queda autorizada nos núcleos rurais de poboación, e nos cascos urbanos de Bembibre e Portomouro, ata que se prohiba expresamente nestes últimos, non habendo lugar a ningunha indemnización.
4. Fóra deses recintos queda prohibida a venda ambulante de produtos de calquera clase, con excepción do disposto no apartado 3 deste artigo.

#### ***Artigo 9.—Periodicidade e horario***

1. Periodicidade:

A venda ambulante no mercado de posto ambulante periódico será todos os primeiros luns e terceiros martes de cada mes.

2. Horario: Comprende aproximadamente desde as 08.00 as 15.30, no que se procederá á súa retirada. A montaxe dos postos deberá efectuarse entre as 08.00 e as 9,30 horas, quedando prohibida a entrada de calquera vehículo no recinto do mercado a partir desta hora, e ata as 14,00 horas, excepto días de temporal ou forza maior.

#### ***Artigo 10.—Instalacións***

1. O mercado de posto ambulante e o mercado dos días de feira terán unha dotación de infraestrutura e equipamento que garante o cumprimento das normas sobre sanidade, hixiene e respecto ó medio urbano e veciñal onde se instala e que, polo menos, cumprirá as seguintes exixencias:

- a) O mercado de posto ambulante e o mercado deberán instalarse sobre superficie pavimentada.
- b) Dentro da superficie do mercado de posto ambulante e do mercado existirán depósitos destinados á recollida de refugallos ocasionados pola actividade comercial.

2. As persoas autorizadas, ó final de cada xornada comercial, deberán deixar limpos de refugallos os respectivos espazos.

### ***Artigo 11.—Dos postos, camión ou vehículos tenda***

1. A venda autorizarase en postos de carácter desmontábel, instalacións, camión ou vehículo tenda terán unhas condicións axeitadas ás características dos produtos autorizados.

2. Os postos:

- Terán no voo unha superficie máxima de largo de 3 metros pola cantidade de metros de longo que cada vendedor solicitase e lle fosen adxudicados polo Concello.

- As medidas de longo estarán comprendidas entre os 3 metros e os 14 metros.

- Establécense 3 tipos de postos:

• PA: postos de ata 14 x 3 metros.

• PB: postos de ata 10 x 3 metros.

• PC: postos de ata 6 x 3 metros.

- Estarán situados nos lugares asignados pola Policía Local ou encargado do mercado do posto ambulante e do mercado dos días de feira e sinalados cun número. A súa colocación e numeración será fixa.

- Queda expresamente prohibido o intercambio de localizacións entre distintos titulares.

- Non se poderá ocupar o sitio doutros postos ante a falta de presenza dos seus titulares.

3. A mercadoría atoparase sempre dentro da superficie do posto.

4. En todo caso o vendedor extremará a limpeza na zona de venda.

5. Queda prohibido: a exposición de mercadorías no chan, debendo estar en mesas para garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade ou ben directamente nas cestas.

6. Os camiós-tendas estarán adaptados segundo a mercadoría e contarán coa documentación sinalada no artigo 7 deste regulamento.

7. Queda prohibido o estacionamento de vehículos (coches, furgonetas, camions, remolques ...) no recinto do mercado en horario de 9,30 a 14,00 horas, salvo os que dispoñan de autorización para venda en camión ou vehículo tenda.

### ***Artigo 12.—***

- As ocupacións dos postos vacantes por baixa na autorización de venda ambulante serán asignados da seguinte forma:

• Abrirase un prazo de 30 días naturais para que os titulares doutros postos do mesmo tipo (PA, PB ou PC) poidan solicitar o cambio para o lugar vacante, que se publicitará no taboleiro de anuncios do Concello de Val do Dubra.

• De ser solicitado o sitio por mais dun titular, asignarase por orde estrita de antigüidade da autorización de venda ambulante no Concello de Val do Dubra, en período continuo.

• De non ser solicitado por titulares doutras colocacións, asignarase a novas altas de autorización de venda ambulante.

- As colocacións vacantes por traslados autorizados dos seus titulares a outro lugar serán asignados na mesma forma que as colocacións vacantes por baixa na autorización de venda ambulante.

- O encargado do mercado de posto ambulante e do mercado dos días de feira poderá ordenar o cambio de colocación dos postos, provisional ou definitiva, por realización de obras nas rúas e prazas onde están colocados, por motivos de seguridade ou por outras causas debidamente xustificadas.

### ***Artigo 13.—Competencia***

A organización, intervención e inspección do mercado de posto ambulante e do mercado dos días de feira corresponde ao Concello. A Alcaldía designará un encargado do mercado de posto ambulante e do mercado dos días de feira.

1. O encargado dos mercados de postos ambulantes e do mercado dos días de feira representa ao Concello e deberá ser por tanto permanentemente respectado por todos os vendedores e clientes do mercado de posto ambulante, os cales acatarán as directrices e ordes que dite, sinalando entre as súas competencias as seguintes:

a) Coidar de que non entre no mercado do posto ambulante ningunha persoa que non está autorizada e que a actividade no interior do mercado de posto ambulante se realice con normalidade, de acordo co disposto nesta Ordenanza e demais disposicións vixentes, dando conta ao Concello por escrito das anomalías que observen no funcionamento do mercado do posto ambulante.

b) Atender as queixas e reclamacións do público e vendedores resolvendo de inmediato aquelas que así o aconsellen, dando conta en calquera caso á Alcaldía.

c) Levar debidamente ordenadas e arquivadas copias das autorizacións concedidas, cotexadas polo Concello, poñendo en coñecemento dos vendedores a finalización da vixencia destas a cada un dos afectados para os efectos de renovar a autorización.

d) Arquivar por rigorosa orde a presentación, copia das solicitudes que se presenten, comunicando ao interesado primeiro na lista de espera cando quede vacante algún dos postos.

e) Velar pola boa orde e a limpeza do mercado.

f) Notificar aos vendedores as comunicacións do Concello que lles afecten directamente.

g) Manter continuamente informada á Alcaldía de todo aquilo que dalgunha relevancia ocorra no mercado de posto ambulante.

h) Cantas outras funcións resulten desta Ordenanza ou lle fosen encomendadas pola Alcaldía.

i) Solicitar a presenza da Policía Local para o comiso das mercadorías cando non se dispoña da preceptiva licenza municipal para desenvolver a actividade ou se poñan á venda produtos falsificados.

#### ***Artigo 14.—Da venda***

Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade coa normativa vixente na materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís e responderán de que os produtos obxecto de venda cumpren as condicións e requisitos exixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas.

#### ***Artigo 15.—Dos produtos***

##### ***1. Produtos autorizados en mercados periódicos:***

Nos mercados periódicos só se poderán vender produtos autorizados tales como: artigos téxtiles, calzados, ornamentais, enxoval, lencerías, plantas, flores, frutas e hortalizas, embutidos e produtos semellantes.

Queda expresamente prohibida a venda de carnes e caza frescas, refrixerados e conxelados; peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados; leite, queixos frescos, requeixos, nata, manteiga, iogures e outros produtos lácteos frescos; pastelería e dozaría rechea ou guarnecida; pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados ou outras semiconservas; así como aqueloutros produtos que polas súas especiais características e a xuízo da autoridade competente leven riscos sanitarios.

Non obstante poderase permitir a venda dos produtos anteriormente citados cando dispoñan de instalacións frigoríficas ou estean debidamente envasados.

O Concello poderá non autorizar en determinados momentos a venda de produtos que poidan ser prexudiciais para a saúde pública. Igualmente estará prohibida a venda daqueles produtos cando a normativa específica así o estableza.

## **2. Condicións:**

1. Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os produtos.

Os artigos de uso alimentario deberán situarse a unha distancia do chan non inferior a 60 cm.

2. Os artigos á venda deberán cumprir o establecido na materia de sanidade e hixiene.

3. A venda de produtos perecedoiros adecuarase en todo momento as condicións e esixencias hixiénico-sanitarias vixentes. En caso de infraccións a tales leis ou normas, estableceranse as oportunas sancións pola administración competente.

5. A autoridade municipal poderá comisar os que non cumprisen tales condicións, e baixo a consideración de falta moi grave abrir o oportuno expediente sancionador ao responsábel da venda. Nos supostos en que sexa previsíbel o comiso dos produtos, poderase proceder á intervención cautelar destes.

## **Artigo 16.—Obrigas e dereitos dos vendedores**

Son obrigas dos vendedores autorizados:

a) Aboar a taxa que fixe a Ordenanza reguladora por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, en terreo de uso público municipal.

b) Manter aberto ao público o posto debidamente atendido e abastecido.

c) Acatar as normas que estableza o Concello para o bo funcionamento do mercado de posto ambulante.

d) Realizar ao final da xornada a limpeza dos espazos ocupados.

e) En xeral, cumprir todas as condicións establecidas nesta Ordenanza e demais disposicións legais vixentes que sexan aplicábeis.

f) Estar en posesión de facturas ou albarás que acrediten a procedencia da mercadoría e deben presentala a requirimento da autoridade competente.

Os vendedores de peixe disporán en todo momento da guía de procedencia dos produtos.

Son dereitos dos vendedores autorizados:

a) Solicitar a debida protección das autoridades locais para poder realizar a actividade para a que están autorizados.

b) Presentar as alegacións e suxestións para o mellor exercicio da actividade.

## **CAPÍTULO III. DAS AUTORIZACIÓNS**

### **Artigo 17.—Autorización municipal**

1. Para poder exercer a venda ambulante no Concello de Val do Dubra será preciso posuír a correspondente autorización municipal que será individual e intransferíbel, excepto nos supostos de falecemento do titular que lle será transmitida automaticamente a algún familiar directo, cónxuxe, pais, fillos ou irmáns.

A autorización concederase a persoas físicas ou xurídicas, e terá carácter persoal e intransferíbel.

Non obstante, a petición do interesado, a autorización habilitará, ademais do seu titular, ao cónxuxe e aos seus ascendentes ou descendentes directos maiores de 16 anos, e as persoas vinculadas a el mediante contrato laboral. Non poderá ser cedida ou subarrendada a terceiros.

2. O outorgamento da autorización municipal correspóndelle á Alcaldía, sen prexuízo das facultades de delegación.
3. Esta autorización tan só dará dereito a un só posto de venda, e só poderá autorizarse unha por cada IAE regulamentario.
3. O contido da autorización será o regulado no artigo 14 do Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante. A adxudicación concreta do posto farase por estrita orde de antigüidade.
4. Esta autorización deberá exhibirse obrigatoriamente e durante o tempo de duración do mercado de posto ambulante nun lugar visíbel do posto, ou, de ser o caso, estar sempre a disposición da autoridade competente que a poida solicitar.
5. Ao conceder as autorizacións procurarase a obtención dunha estrutura da oferta comercial equilibrada e variada entre os diferentes sectores de actividade, acordes coa demanda.

***Artigo 18.—Réxime de solicitude da autorización e declaración responsable***

- 1.- A presentación de solicitude requirirá dos interesados a sinatura dunha declaración responsable na que manfeste, cando menos:
  - a) O cumprimento dos requisitos establecidos
  - b) Estar en posesión da documentación que así o acredite a partir do inicio da actividade
  - c) Manter o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización

1. A autorización para o exercicio da actividade da venda ambulante deberá ser solicitada polo interesado ou representante debidamente autorizado, en impreso normalizado que figura como Anexo I da presente Ordenanza que se entregará no Concello, xunto coa seguinte documentación, que acompañará á declaración responsable:

- a) Fotocopia da Tarxeta acreditativa da inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia debidamente actualizada.
- b) Fotocopia do DNI/CIF e NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.
- c) Certificación expedida pola Xunta de Galicia acreditativa da súa inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.
- d) Alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas.
- e) Fotocopia do último recibo do seguro autónomo orixinal e alta no mesmo.
- f) Se a licenza afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- g) Certificado de atoparse ao corrente de pagamento nas obrigas tributarias e da Seguridade Social ou xustificante que acredite o aprazamento do pagamento.
- h) Copias cotexadas dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenvolver a actividades no nome do titular, cando este sexa persoa xurídica.
- i) Documentación acreditativa da constitución legal e inscrición no oportuno Rexistro Mercantil, para o suposto de que se trate dunha persoa xurídica.
- j) Seguro de responsabilidade civil.

Para a venda ambulante de peixe ou produtos conxelados en camións-tenda ou doutros produtos perecedeiros, deberán achegar ademais:

1. Certificado ATP en vigor.
2. Documentación do vehículo coa indicación da clasificación e ITV, en vigor.
3. Acta de inspección sanitaria.

### ***Artigo 19.—Validez da autorización***

As autorizacións terán unha validez por dous anos, prorrogábeis, por acordo expreso do órgano que teña atribuída a competencia para conceder a autorización, por períodos sucesivos de anos naturais, logo da presentación da documentación orixinal exixida polo Concello para a solicitude é sempre que non exista denuncia desta por calquera das partes.

As licenzas serán persoais e intransferíbeis.

Non obstante a autorización habilitará, ademais do seu titular, ao cónxuxe, aos seus descendentes directos maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas ao interesado mediante contrato laboral.

## **CAPÍTULO IV.—RÉXIME SANCIONADOR**

### ***Artigo 20.—Infraccións e sancións***

Constitúen infraccións unicamente as condutas tipificadas como tales neste artigo:

1. O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores e usuarios e demais normativa de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2.—Serán faltas leves:

- Producir ruídos, berros ou música que incumpran a ordenanza de ruídos e vibracións.
- A falta de ornato ou limpeza das instalacións e na zona do posto.
- Aumentar a superficie do posto con máis metros dos autorizados ou non gardar a distancia establecida entre postos.
- Non deixar limpo e recollido o lugar onde estivo instalado

3.—Serán faltas graves:

- A reiteración por tres veces en faltas leves no período dun ano.
- A venda de produtos distintos dos autorizados na licenza.
- A desobediencia a atender as normas de orde e indicacións da Policía Municipal.
- A desobediencia ás directrices e ordes do encargado dos mercados de postos ambulantes e do Mercado dos días de feira.
- O intercambio de colocacións dos postos entre distintos titulares.
- A ocupación de sitios por ausencia dos seus titulares.

4.—Serán faltas moi graves:

- A reiteración por tres veces de faltas graves nun ano.
- Non estar inscrito no Rexistro de Comerciantes de Galicia.
- Non estar inscrito no imposto de actividades económicas ou non estar ao día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.
- Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- A venda de produtos non autorizados pola licenza.
- A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.
- O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- A instalación dos postos sen licenza.
- A venda de produtos non autorizados.

5.—A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seranlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.

### ***Artigo 21º. Sancións***

As sancións que se aplicarán serán, sen prexuízo do disposto no apartado 5.º do artigo 24, as que seguen:

1.—Por faltas leves, multa fixa de 90 €.

2.—Por faltas graves: multa de 90,00 a 300,00 €.

- Poderán levar consigo a suspensión temporal da autorización de venda ambulante de 1 a 6 meses.

3.—Por faltas moi graves: multa de 300,00 a 1.500,00 €.

- Poderán levar consigo a suspensión temporal da autorización de venda ambulante de 1 a 6 meses, ou de así estimarse a revogación da autorización, coa posibilidade de chegar a comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

4.—Correspóndelle á Alcaldía a imposición de multas e demais sancións.

### ***Artigo 22º.—Procedemento***

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real decreto 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/92, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas de procedemento administrativo común, e demais normas concordantes.

### ***Disposición transitoria primeira***

Á entrada en vigor do presente regulamento o Concello, baixo o réxime de concorrencia competitiva, e polo procedemento público que se determina, conforme a unha tramitación con criterios claros, sinxelos, obxectivos e predecibles, procederá á adxudicación das autorizacións para o exercicio da venda ambulante non sedentaria nos lugares determinados no artigo 8 deste regulamento, para o mercado de postos ambulantes en Bembibre e por prazo de ocupación de dous anos.

a) O alcalde dará suficiente publicidade ao outorgamento de autorizacións, conforme a esta disposición transitoria

b) Por prazo de UN MES admitiranse solicitudes de autorización con suxeición ao disposto no artigo 17 e conforme ao modelo do anexo I

c) A solicitude e a declaración responsable irán dirixidas a un posto en concreto, dos que figuran no anexo II

d) A solicitude irá acompañada de calquera documento que acredite, con suficiente valor probatorio, a antigüidade na autorización do posto que se pretende ocupar e na dedicación á venda ambulante do solicitante

e) A adxudicación da autorización realizarase no prazo de quince días dende o transcurso do prazo para a presentación de solicitudes, e nun só acto

f) Os criterios de adxudicación serán:

-De 1 a 10 puntos pola antigüidade probada no uso do posto

-De 1 a 5 puntos pola antigüidade na dedicación á venda ambulante

### ***Disposición transitoria segunda***

Os postos vacantes adxudicaranse no sucesivo conforme ao texto articulado deste regulamento, en particular o seu artigo 12, atendendo, en primeiro lugar, ás novas altas de autorización de venda ambulante no Concello de Val do Dubra seguindo a orde de antigüidade da solicitude

## **Disposición finais**

### **Primeira.**

O presente Regulamento entrará en vigor, unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o art. 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

### **Segunda.**

Para o non previsto no presente regulamento será de aplicación o establecido na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante.

## **ANEXO I**

### **DECLARACIÓN RESPONSABLE**

REXISTRO DE ENTRADA

#### **DATOS PERSOAIS**

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
ENDEREZO		LOCALIDADE
TELEFONO	Nº D.N.I.	

#### **DATOS DO ESTABLECEMENTO**

ACTIVIDADE A DESENVOLVER: VENDA AMBULANTE

- Mercado periódico
- Mercado ocasional

PRODUTO

POSTO Nº

#### **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que para o exercicio da dita actividade:

1º.- Cumpre cos requisitos esixidos na normativa vixente que de maneira expresa, clara e precisa se relacionan no reverso da presente declaración

2º.- Dispón da documentación que así o acredita, que igualmente se relaciona no citado reverso

3º.- Comprométese a manter o cumprimento dos ditos requisitos durante o período de tempo inherente ao exercicio da dita actividade.

Polo anterior declara:

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora a esta declaración e comunicación determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da dita actividade dende o momento en que se teña constancia dos feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dese lugar.

#### **DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN**

---

**AUTORIZO** ao Concello de VAL DO DUBRA para que, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria a subministración dos datos de carácter tributario a que se refire o artigo 8 do presente decreto.

Así mesmo, **AUTORIZO** para que se solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información en relación co cumprimento das miñas obrigas estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia. Así como para obter certificación da Seguridade Social de estar ao corrente das obrigas con esa entidade.

Val do Dubra ..... de.....de 201...

Asinado.....

**Á/A CONCELLO DE VAL DO DUBRA**

**O SR ALCALDE – PRESIDENTE**

## REQUISITOS ESIXIDOS:

- a) Fotocopia da Tarxeta acreditativa da inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia debidamente actualizada.
- b) Fotocopia do DNI/CIF e NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.
- c) Certificación expedida pola Xunta de Galicia acreditativa da súa inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.
- d) Alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas.
- e) Fotocopia do ultimo recibo do seguro autónomo orixinal e alta no mesmo.
- f) Se a licenza afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- g) Certificado de atoparse ao corrente de pagamento nas obrigas tributarias e da Seguridade Social ou xustificante que acredite o aprazamento do pagamento.
- h) Copias cotexadas dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenvolver a actividades no nome do titular, cando este sexa persoa xurídica.
- i) Documentación acreditativa da constitución legal e inscrición no oportuno Rexistro Mercantil, para o suposto de que se trate dunha persoa xurídica.
- j) Seguro de responsabilidade civil.

Para a venda ambulante de peixe ou produtos conxelados en camións-tenda ou doutros produtos perecedeiros, deberán achegar ademais:

1. Certificado ATP en vigor.
2. Documentación do vehículo coa indicación da clasificación e ITV, en vigor.
3. Acta de inspección sanitaria.

O exercicio da actividade cumpre cos requisitos esixidos na normativa vixente que de maneira expresa, clara e precisa son os que se relacionan e xustifican, mediante a documentación que se achega.

**DATA**

**SINATURA**